

CONVOCATORIA 2017 (1º semestre)

1.- PERSOAS DESTINATARIAS

Persoal das entidades locais que asinen o Plan agrupado de formación continua 2017:

- Deputación Provincial da Coruña
- Concellos de:

A Baña, A Capela, A Laracha, A Pobra do Caramiñal, Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Frades, Irixoa, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Mugar dos, Muxía, Muros, Narón, Neda, Negreira, Noia, O Pino, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza-Cesuras, Paderne, Padrón, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Valdoviño, Val do Dubra, Vedra, Vilasantar, Vilarmaior, Vimianzo, Zas.

- Outras entidades locais:

Consortio das Mariñas, Consortio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, Mancomunidade Arousa-Norte, Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes, Consortio para a Promoción do Turismo, Consortio para a Promoción da Música da Coruña, Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza.

2.- SOLICITUDES

As solicitudes deberán encherse e presentarse na plataforma Subtel. Para acceder a esta plataforma deberá ter unha conta de correo corporativa activa no Directorio público local. De non tela, solicítela na súa entidade a través dos representantes de Administración electrónica ou ben dos interlocutores de formación.

Unha vez de alta no Directorio, ten que ver a oferta de cursos na páxina web de formación. Nesta páxina atopará tamén toda a información relativa ao novo procedemento para solicitar a inscrición no curso ou cursos que sexan do seu interese.

Non se admitirán solicitudes presentadas en papel. Se non está de alta no Directorio público local, solicíteo o máis axiña posible, xa que a alta pode demorarse un pouco.

O prazo para presentar as solicitudes, remata o luns 13 de marzo.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso e á imposibilidade de participar en calquera outro desta anualidade.

Para calquera información relativa ao Plan de formación 2017, poden contactar coa Sección de Formación da Deputación da Coruña por correo electrónico (formacion@dacoruna.gal) ou por teléfono (981 080 385).

Antes do inicio dos cursos publicarase o nome das persoas inicialmente admitidas na páxina web da Sección de Formación, www.dicoruna.es/formacion

Os solicitantes recibirán un correo electrónico comunicándolles os cursos nos que foron admitidos. As persoas admitidas e que por circunstancias sobrevidas non poidan asistir, deben comunicalo o máis axiña posible mediante un escrito dirixido á Sección de Formación (correo ordinario, electrónico ou fax), para que outra persoa poida ocupar a súa praza.

Se solicita algún curso en liña asegúrese de que o seu equipo informático reúne os requisitos, tanto de hardware como de software, que figuran na ficha do curso antes de solicitalo.

Para poder asistir como alumno/a é necesario estar de alta como traballador/a da entidade local o día do comezo do curso. Quen non sexa fixo do cadro de persoal (distinto de laboral fixo ou funcionario de carreira) deberá achegar, o primeiro día do curso, unha copia da cabeceira da súa nómina ou calquera outro documento que acredite a súa condición de traballador/a da entidade local. Non se entregará acreditación ningunha as persoas que non demostren estar de alta como traballadores/as dunha entidade local da provincia o primeiro día do curso.

3.- SELECCIÓN

O persoal participante seleccionárase consonte cos seguintes criterios:

- 1.- Criterios específicos de cada curso. (Perfil do destinatario).
- 2.- Criterios xerais segundo a seguinte orde:
 - a) Prioridade da elección establecida na solicitude.
 - b) Apelidos e nome comezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra K.

A Deputación da Coruña resérvase a capacidade de engadir outros criterios, se fora necesario, para facer esta selección.

4.- RÉXIME DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

A.- A expedición de certificados de asistencia supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 85% das horas presenciais programadas, aínda que as faltas estean xustificadas. No caso de formación mixta, será obrigatorio, ademais, entregar os traballos que se propoñan.

Para obter o certificado de asistencia nos cursos en liña deberánse realizar todas as leccións, test e probas das que conste a acción formativa.

B.- As persoas admitidas e que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito dirixido á Sección de Formación. A Deputación valorará a admisión en futuros cursos, tanto deste ano como dos vindeiros, das persoas que non cumpran este requisito.

C.- As persoas admitidas nun curso que teñan unha asistencia inferior ao 85% das horas lectivas, deben xustificalo por escrito diante da Sección de Formación. A Deputación estimará a admisión en futuros cursos das persoas que incorran nesta circunstancia.

D.- A persoa admitida nun curso en liña que non siga o programa de estudos establecido pola Sección de Formación poderá ser excluída deste, sendo substituída por outro alumno/a no seu lugar.

A Coruña, febreiro de 2017